

Como cada ano por estas datas, chega ás miñas mans a edición dos Premios Minerva, convocados polo colexio Peleteiro de Santiago. Nesta ocasión, a número XXXVII, *Engaiolada nunha mañá de inverno* chega na primavera como unha bafarada de frescura aos ollos e ao intelecto, como a brisa nas árbores, como o río que canta. Tamén na primavera da vida están os autores de textos que, a pesar da súa precocidade, atesouran bondades e calidades avultadas. En primeiro lugar, no campo poético, Federico Pedreira Nores vai despregando un xovial vangardismo na disgregada disposición tipográfica da páxina, que lembra o futurismo de Maiakovski: "Un cinematógrafo invisible comeza a proxectar imaxes irreais: unha muller cun sorbete de morango por sombreiro/ e un papagaio boca abaixo recitando as Metamorfoses./ A súa substancia primeira recrea aquel Paraíso..." (... O pequeno idealismo de Bohemia)

Lara Porto Mato, con verbo áxil, fálanos do contemporáneo, mais tamén dicindo: "Quen estivera exenta de culpa no meu namoro/ Quen puidera berrar parindo ao minotauro". Daniel Martínez Mariño manexa o pasado e o presente para,

Excelente colleita

Lecturas engaiolantes

ROMÁN RAÑA

botando man do bisturi da ironía, expór o que di un verdugo da guillotina: "Queden para os carneiros e os leñadores os golpes repetidos: /o meu é traballo de precisión cirúrxica". Sabela

Rodríguez Lorenzo practica un salgado intimismo: "por iso os barcos navegaban polas pingas de suor". Alejandro Coucheiro Limeres estrutura o poema como unha composición músico-co-

ral, intercalando sons onomatopéicos, voces diversas xunto con pinceladas de debuxo exacto: "mañás con ese sol que satina o coiro". Juan J. Esturao Pena explora a vida con mencións da antigüidade clásica: "Torna en morriña, /por vontade das Parcas, /O meu talón máis secreto".

No campo narrativo, chama poderosamente a atención o magnífico estilo de Daniel Martínez Mariño en Camiño do leste. Desenvolvemento, axilidade, ironía, sarcamo e montes de humanidade ("mais eu teño bo corazón e son dos que pensan que o mellor que se pode facer cos defectos dos semellantes é escribilos na area") inundan unha prosa pletórica. Lorena Riveiro Rodríguez en Como unha boneca rusa mantén un pulso sobrio e comedido, con precisión lírica até o sorprendente final. Aldo Dagraza Valverde, en O francés, vinda a marxinalidade tomando partido polos desherdados; Itziar Domínguez Uriarte, en A promesa, denuncia o maltrato cun relato inzado de misterio; Brais Lamela Gómez, en A baioneta, narra unha emotiva e finalmente real ensoñación dun pai moribundo. O dito: unha excelente colleita de talentos. *VVAA, Engaiolada nunha mañá de inverno, Ed. Colexio Peleteiro/Ed. Galaxia, Santiago, 2010.*



Misterio no Camiño

Unha gran dose de intriga

PILAR PONTE

magnífica montaxe fotográfica que presenta o volume, realizada por Antonio Seijas,

que podemos encadrar dentro do grupo das cubertas anticipatorias e a cuxa visión volvemos ao longo da lectura tentando adiviñar o que aínda está por vir.


Como acontece con outros moitos títulos de Fóra de xogo, a catalogación de literatura xuvenil aquí só serve para nos indicar que aos adolescentes tamén lles pode gustar este libro e non que se trate dunha lectura só para ese tramo de idade. Aínda que non faltan elementos propios do xénero xuvenil: parte dos protagonistas son un grupo de catro amigos de último curso de primaria que realizan desde Sompport

o camiño de Santiago co seu colexio, a aventura iniciática que supón a peregrinación ou a descuberta do amor adolescente.

Hai unhas semanas, a profesora Dolores Vilavedra publicaba un artigo na prensa onde reflexionaba sobre "a escaseza de textos literarios contemporáneos que se inspiren no Camiño de Santiago" e/ou que desenvolvesen a temática xacobea, e chamaba a atención sobre o feito de que tivese que ser un autor alófono quen viñese tratar o tema nas nosas letras en referencia a Pere Tobaruela. E isto aínda chama máis a atención se facemos conta de que xa en 1997 fora unha sevillana, Concha López Narváez, a que conseguira un grande éxito cunha novela desta temática, *Endrina e o segredo do peregrino*, que en 2004 había de editar en galego a editorial Galaxia.

A aposta editorial de Xerais por este Xacobeo 2010, ofrécenos libros que abranguen diversos xéneros, guías, estudos etnográficos e históricos, libros fotográficos, literatura infantil e un título de literatura xuvenil, *A cripta do apóstolo*, de Pere Tobaruela, unha historia de misterio no Camiño de Santiago.

Parabéns á



Militancia universitaria

Retrato dunha toma de conciencia

ALFREDO IGLESIAS DIÉGUEZ

Inmunda escoria. Así foi como titulou Daniel Ares Enjamio a crónica dos sucesos de na universidade galega na volta de xaneiro de 1968; non obstante, o título do artigo facía referencia a un editorial do xornal ABC titulado "Para la Universidad queremos paz", no que cualificaba de "inmunda escoria" da que tiña que ser depurada a Universidade "o estudantado máis combativo da universidade galega. Eis a versión do franquismo e dos seus instrumentos de dominación -entre outros os medios de comunicación da época afíns ao réxime- dos sucesos na Universidade galega.

Fronte a esa visión, asumindo ese cualificativo como un sinal de identidade, Ricardo Gurrriarán titula dese xeito unha investigación sobre *A universidade franquista e as mobilizacións estudiantís en Compostela (1939-1968)*, subtítulo da súa recente obra de investigación *Inmunda escoria* (Xerais, 2010).

Ora ben, quen era esa "inmunda escoria"? Cal era a súa procedencia?

A maioría dos mozos e mozas que se mobilizaron na universidade galega nos anos sesenta ou ben estaban vinculados ao Partido Comunista ou ben tiñan simpatías pro-chinesas ou eran cristiáns de base cun fondo compromiso social: eis a militancia do grupo que soubo trasladar ao conxunto do estudantado compostelán nas inxerencias políticas; certamente, tamén había nacionalistas, como Sanxuaás -quen foi o rostro visible do nacionalismo nas mobilizacións-, pero non tiñan unha presenza significativa no movemento estudiantil dos anos sesenta.

As súas estratexias, principalmente a loita cultural, entendida como elemento de axitación (conferencias como a de Aranguren, recitais de música como o de Raimon, mesas redondas, debates no Cineclub...), o "entristro" nas estruturas de representatividade

universitaria e a información, entendida como principal elemento de difusión das súas demandas; así como os persoeros máis representativas desas mobilizacións, entre os que se atopaban Marisa Melón, Pérez Touriño, Domenech e tantos e tantas máis, son o obxecto de estudo principal desta obra, que malia iniciar o percorrido tras a guerra civil, centra a investigación nas mobilizacións dun estudantado que na década dos sesenta foi perdendo o medo á xerarquía franquista e ao silencio imposto polo franquismo, moi ben transmitido polos seus achegados. Neste sentido, o fio condutor do libro do profesor Gurrriarán son as loitas desenvolvidas polo estudantado galego para emanciparse mediante a autoorganización democrática, que van aumentando en intensidade até estourar no 68.

En fin, *Inmunda escoria* axúdanos a comprender que o 68 galego foi un acontecemento fundamental no proceso de toma de conciencia dun país e mais dunhas clases sociais que foran violentamente reprimidas despois dos tráxicos sucesos do 36.

GURRIARÁN, Ricardo, Inmunda escoria, Ed. Xerais, Vigo, 2010, PVP 26,50 €

